

PLAN DE APOIO AO
ALUMNADO CON NEAE
DA MESTRA
DE AUDIÇÃO E
LINGUAXE.

CURSO 2021-2022

INTRODUCCIÓN

Segundo a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de Decembro de Mellora da Calidade Educativa e o Decreto 229/2011 do 7 de Decembro, o principio que rexerá toda a ensinanza básica será o principio de Atención a Diversidade co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axustada a súas características e necesidades. A axeitada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir da Inclusión.

Partindo do principio de Atención á diversidade, este documento pretende dar resposta ás necesidades do alumnado no ámbito comunicativo-lingüístico (a nivel de centro, aula e a nivel individual) concretando o papel da especialidade de Audición e Linguaxe (AL) en relación ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O labor do mestre de Audición e Linguaxe radica en todo o relacionado coa competencia comunicativo-lingüística dos alumnos, sobre todo daqueles que necesiten dunha axuda especial.

Por un lado, debe desempeñar a súa profesión atendendo directamente a todos os alumnos que presenten dificultades no desenvolvemento da linguaxe e/ou a comunicación; mentres que por outro lado, o seu traballo tamén dirixirase a servir de apoio e orientación ó resto dos profesores do centro, á hora de realizar as adaptacións curriculares oportunas, para poder ofrecer así unha resposta educativa axustada ás necesidades educativas especiais de cada un dos alumnos.

Na orde do **24 de Xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia**; veñen establecidas as funcións que debe realizar, entre as cales atópanse:

- Prestaralle atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas que así o requira.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como nas medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.

Como en calquera programación educativa resulta oportuno establecer a temporalización para concretar o traballo do ano escolar.

A aula de Audición e Linguaxe acollerá aos alumnos con N.E.A.E coa finalidade de proporcionarlle un apoio individual, temporal ou permanente, en función das súas características individuais e necesidades específicas. A aula de Audición e Linguaxe atópase no segundo andar do edificio principal; neste curso, comparte espazo coa radio escolar.

As actuacións docentes levaranse a cabo un día a semana e un día máis ao mes, sendo un total de 5 sesións cada día as que se dedicarán á atención directa co alumnado con neae que sexa valorado polo D.O. como obxecto da intervención da mestra especialista en Audición e Linguaxe.

A praza de mestra de Audición e linguaxe deste centro é compartida co CEIP Mestre Manuel García (Oia) que é o centro base. Neste curso acodo ao CEIP de Refoxos os MÉRCORES en horario de 9:00 a 14:00 horas e un martes ao mes tanto no horario lectivo como pola tarde.

1.- ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO POLO ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE.

As actuacións a nivel xeral que se levarán a cabo irán enfocadas en dúas vertentes:

- Actuacións indirectas encamiñadas á colaboración no Departamento de Orientación, coas familias e co profesorado en xeral.
- Actuacións directas dirixidas a avaliación, valoración e intervención de todo o alumnado con dificultades de voz, audición, fala, linguaxe e/ou comunicación.

Como **actuacións indirectas** levaranse a cabo as seguintes:

- Colaboración no Departamento de Orientación e cos titores na avaliación, asesoramento, intervención e seguimento do alumnado con dificultades de linguaxe.
- Intervencións primarias mediante a elaboración de material informativo sobre a estimulación da linguaxe oral en infantil con orientacións e actividades.
- Orientación e pautas de intervención para o profesorado e as familias.
- Programación inicial cos obxectivos a traballar e informe final de cada alumno/a sobre a evolución e as adquisicións acadadas que se levará a finais de curso ou cando sexa dado de alta polo xefe do departamento de orientación.

Dentro das **actuacións directas** destacan as seguintes:

- Avaliación individualizada do alumnado que recibiu apoio en audición e linguaxe durante o último trimestre do curso anterior, para valorar deste xeito, a súa posible continuidade e as pautas de intervención a levar a cabo, cando ase o consideremos dende o D.O.
- Avaliación inicial do alumnado que soliciten os titores mediante a folla de derivación que se lle facilitará , unha vez valorado como necesario dende o D.O.
- Implementación dos programas de intervención lingüística individuais de cada alumno/a obxecto da miña intervención.

2.- OBXECTIVOS XERAIS

Como queda regulado no *Decreto 120/1998, do 23 de abril*, eu como mestre de audición e linguaxe que exerzo, a función de apoio á atención do alumnado con necesidades educativas especiais neste centro, formarei parte do departamento de orientación do mesmo. Como membro de dito departamento debo colaborar na identificación e valoración das necesidades educativas do alumnado do contorno polo que participarei na avaliación psicopedagóxica cando se requira da miña axuda.

Sen prexuízo das funcións xa sinaladas, na Orde do 27 de decembro de 2002, artigo 19, indícase que a mestra de audición e linguaxe levará a cabo intervencións específicas que serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación en colaboración co titor do grupo ó que pertence a alumna ou alumno.

Ademais dos obxectivos establecidos lexislativamente, propoñemos os seguintes:

- Estimular o desenvolvemento da linguaxe oral e detectar posibles dificultades de audición, voz, fala e linguaxe no alumnado do Centro.
- Intervir especificamente na forma, contido e uso da linguaxe oral e nos procesos lectoescritores.
- Proporcionar pautas de intervención e orientacións precisas ás familias e ao profesorado sobre o desenvolvemento da linguaxe.
- Fomentar a inclusión, equidade e igualdade do alumnado con N.E.A.E. dentro da comunidade escolar.

- Incrementar a iniciativa do alumnado partindo das súas necesidades.
- Elaborar e adquirir o material preciso para atender ás necesidades do alumnado.
- Colaborar na formulación do meu horario de traballo.
- Xestionar o espazo e os recursos da aula de Audición e Linguaxe para organizala do xeito máis harmónico posíbel.
- Potenciar a colaboración entre todos os mestres involucrados na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar potenciando as relacións interpersoais entre os membros da comunidade educativa, fomentando un clima de confianza que favoreza o bo facer educativo.
- Establecer unhas canles de comunicación fluídas e unha relación axeitada entre as familias e o centro escolar.

Ademais destes obxectivos xerais, para cada caso particular plantexaranse uns máis específicos, que servirán de guía para determinar os contidos e as actividades a realizar durante o proceso da intervención. Estes obxectivos recóllense dentro dos programas de intervención individuais.

3.- DESCRIPCIÓN DO ALUMNADO QUE RECIBE APOIO

Os alumnos con neae no ámbito da fala, da comunicación e a linguaxe que van recibir atención de AL está aínda sen determinar xa que atopámonos agora no proceso de valoración.

Nestes momentos do curso estamos na fase das avaliacións iniciais do alumnado; a partires das mesmas, das demandas e das avaliacións psicopedagóxicas correspondentes, e tendo en conta o alumnado do curso anterior que xa tiña atención, os alumnos de nova incorporación ao centro e novas necesidades que poidan xurdir, determinaranse os ACNEAE que terán o apoio da mestra de AL.

Os PIL contén, ademáis dos obxectivos específicos a desenvolver en cada caso, uns contidos, actividades e recursos que, en xeral, recollo nos seguintes puntos deste plan de apoio.

4.- CONTIDOS E ACTIVIDADES

Para levar a cabo as intervencións que se realizan de maneira individualizada co alumnado que recibe atención por parte da especialista de audición e linguaxe

rexerémonos polos contidos propostos por Gallardo e Gallego; os cales abarcan todas as dimensións e procesos da linguaxe oral e escrita. Ditos contidos son:

- Relaxación
- Respiración
- Sopros
- Articulación e fonación
- Calidades da voz
- Os compoñentes da linguaxe
- Expresión oral e escrita
- Lectoescritura

En cuanto ao tipo de actividades que se levaran a cabo destacan

- Actividades corporais: relaxación, ioga, sensación, percepción, expresión corporal, imitación, ritmo e movemento.
- Actividades de desenvolvemento cognitivo: asociar, clasificar, memorizar, distinguir,...
- Actividades de produción verbal: percepción e discriminación auditiva (respiración e sopros); exercitación da voz, vocalización, articulación
- Actividades de comprensión verbal: seguimento de órdenes, sinalización de debuxos entre diferentes opcións; construción de frases a través de imaxes.
- Actividades de intervención funcional na linguaxe: actividades favorecedoras das distintas funcións da linguaxe.
- Actividades de intervención na lectura e escritura: psicomotricidade global, fina y grossa, grafo-motricidade, regras ortográficas, lateralidade, orientación espacial.

5.-TEMPORALIZACIÓN

Esta programación didáctica programase para un curso académico. Así cabe facer a estruturación temporal baseada nos 3 trimestres escolares.

- O primeiro trimestre estará determinado por unha avaliación inicial, na que se deseñarán diferentes programas de intervención individuais.
- O segundo trimestre relacionarase cunha avaliación continua, na que o docente preocuparase do desenvolvemento das intervencións, realizando un seguimento do progreso do alumno/a
- E o terceiro trimestre correspondese coa avaliación final, onde se elaboran os informes de cada alumno/a e se adoitan as decisións pertinentes.

Á marxe desta distribución por trimestres, planificaremos o horario de intervención que levaremos a cabo co alumnado que atendemos directamente.

Os mércores de 12:00 a 12:30 temos reunión de D.O. ase como un martes ao mes en sesión de tarde con todos os membros do D.O.

O resto das sesións lectivas, serán de atención directa para os acneae aos que lles corresponda o apoio de A.L.

A temporalización debe enfocarse tendo en conta que só é indicativa e con características de flexibilidade, adaptándose sempre ás características e necesidades en cada momento.

Como **accións prioritarias** para levar a cabo destacamos:

- Identificación temperá de necesidades.
- Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado.

6.- METODOLOXÍA DE TRABALLO

A metodoloxía irá encamiñada a conseguir que os alumnos/as sexan os protagonistas principais da súa aprendizaxe, dando especial importancia á motivación como factor desencadeante da mesma.

Teremos como principio metodolóxico a aprendizaxe significativa baseándose sempre nos coñecementos previos, xa que non pode construírse no baleiro; o novo só adquire significado cando se engarza co anteriormente adquirido e asimilado.

Trataremos de usar (sempre que sexa posible) o entorno máis próximo ó alumno utilizando as situacións da vida diaria tanto na motivación como no desenvolvemento do tema ou na proposta de actividades.

O profesorado debe ofrecer un clima adecuado, cunha actitude positiva onde o alumnado poda sentirse cómodo e participe dá súa educación.

Así pois desde unha perspectiva metodolóxica procurarase:

- Ter presente o nivel de desenvolvemento e coñecementos previos.

- Asegurar a aprendizaxe significativa, funcional e comprensiva.
- Adecuar a práctica didáctica ó nivel e características do alumnado.
- Atender á diversidade así como as necesidades de cada alumno.
- Tentar que os alumnos descubran e aprendan activamente.
- Fomentar o interese por aprender dos alumnos.
- Resaltar os logros educativos dos alumnos e minimizar os fracasos.
- Favorecer a motivación no alumnado para fomentar así unha actitude positiva cara ao traballo e á mellora.

7.- CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN DO ALUMNADO

Os criterios nos que baseamos a priorización do alumnado que se atenderá na aula de Audición e Linguaxe son os seguintes:

- Maior gravidade ou dificultade de comunicación.
- Atención ao alumnado con Adaptación Curricular.

8.- RECURSOS

Durante a miña actuación contarei con recursos materiais, humanos e tamén organizativos para atender ás necesidades dos alumnos.

- **Materiais:** Todo o material que se atope dentro das instalacións do centro será susceptible de emprego na miña labor como mestra de Audición e Linguaxe. Dispoño de material comercial e elaborado, ademais de multimedia, precisos para intervir nos procesos psicolóxicos básicos; para exercitar o sopro, as praxias e a respiración; para practicar a lectoescritura e para intervir nos diferentes compoñentes da linguaxe: fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica e pragmática.
- **Humanos:** Dende un punto de vista inclusivo todos os docentes do centro darán resposta educativa ao alumnado con N.E.A.E, en función da súa especialidade e responsabilidades. Pero concretamente, a atención educativa directa será levada a cabo polo titor ou titora, eu como especialista en Audición e Linguaxe e o orientador do centro.
- **Organizativos:** A organización dos recursos do centro rexerá pola flexibilización para axeitar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como os cambios que experimentan. Priorizaranse as medidas de

carácter ordinario e normalizador sendo que as de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

9.- AVALIACIÓN

Como todo proceso educativo esta programación estará sometida a tres tipos de avaliación: unha avaliación inicial, unha avaliación media e unha avaliación final.

A **avaliación inicial** daranos información para poder contextualizar o centro, obter os seus datos e relacionar as N.E.A.E sobre as que xirará o presente documento.

A **avaliación media** desenvolverase ó longo do período de posta en práctica do Plan de Apoio. Esta avaliación servirá como mecanismo de control sobre a eficacia deste documento, para establecer, se é necesario, as modificacións que garantan o seu éxito.

Na **avaliación final**, que se desenvolverá cando remate o curso, retomarei os obxectivos propostos ó inicio e valorarei se se lograron e se se seguiu a planificación proposta.

Aspectos que se van avaliar:

- Ao alumnado: Ver a adquisición dos obxectivos, a súa motivación, participación, actitudes, a superación de dificultades, xeneralización das aprendizaxes...
- A programación: Avaliaranse os obxectivos (se se acadaron, se foron axeitados...), contidos (validez), materiais, espazos, actividades, dificultades no proceso...
- A práctica docente: Dende a miña perspectiva debo reflexionar sobre a adecuación dos obxectivos plantexados, os contidos, os recursos, a metodoloxía e a organización dos tempos e dos espazos.

10.- ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID

Base legal

Orde 3,5/2020, do 22 de abril, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do curso 2020/2021.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do

curso académico 2019/2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nas que están determinadas liñas para a preparación do curso 2020/2021.

Orde EFP/5,1/2020, do 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e o desenvolvemento do curso 2020/2021.

Protocolo do 22 de xullo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021 (VERSIÓN 16-09-2020).

Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Protocolo de prevención da transmisión da COVID 19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo (versión 16-09-2020).

Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021/2022 .

Consideracións para a contextualización do PA

- Dentro da aula de AL ubícase o recuncho COVID cos elementos de hixiene e limpeza descritos no protocolo.
- Reducir a manipulación de materias, substituindo por outras alternativas (p.e. visualización de videos)
- Uso de espazos ao aire libre cando o tempo sexa favorable ase como materiais da natureza que non precisen corentena ou desinfección (p.e. follas para soprar, paos ou pedras para conciencia silábica,.....).
- As atencións serán individuais, incidindo nas neae máis graves e permanentes do alumnado de ao mesmo tempo que, maximizando a seguridade, axeitamos os recursos espaciais e os materias da aula de AL.

- No tocante ao protocolo de NEE, destacar que no centro non temos alumnado con NEE.
- Traballar con contidos e temática COVID (coidado, hixiene, aspectos emocionais,...) aspectos da linguaxe e obxectivos dos PIL de cada alumno.
- Practicar na aula de AL co ordenador actividades e tarefas ase como o uso do curso da aula virtual (A.V.) en previsión de posibles situacións de confinamento.
- No caso de clases non presenciais, teremos en conta cada situación específica de cada alumno.
- Sempre manteremos coordinación co titor ase como dentro do DO, canles diversas de comunicación según estemos ou non no centro.
- Ter presente o principio de realidade, axeitando as expectativas e os obxectivos á mesma.
- Utilización da A.V. (curso de A.L.) e/ou material previamente preparado para que poidan traballar na casa.